

Contratación

DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente 2872/2023

Esta Alcaldía delegou, mediante resolución de 23/06/2023 (BOPPO núm. 128 de 4 de xullo de 2023) na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias previstas no apartado 1 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014:

“As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento, nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada”.

Como todos os anos o Concello de Lalín pretende realizar as festas patronais que nesta anualidade se celebrarían entre os días 22 e 26 de setembro de 2023.

Durante as festas patronais do Concello de Lalín é habitual a instalación de postos de venda na zona do Regueiriño, para o que é preciso tramitar previamente o respectivo expediente para o outorgamento das correspondentes autorizacións que permitan a súa colocación.

Por elo, consta no expediente as **“BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA ZONA DO REGUEIRIÑO, DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2023” (exp. 2872/2023)** e o Proxecto de Feira redactado polo arquitecto técnico municipal D. Hervé Fernández Estévez, con data de 28 de agosto de 2023, tramitado mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración.

Asemade consta no expediente o informe emitido pola Secretaría Xeral de data 29 de agosto de 2023 e da Intervención Municipal da mesma data.

En base ao exposto e de acordo coas atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 41 do Real Decreto 2568/1986, do 18 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, **DISPOÑO:**



Primeiro.- Avogar a competencia, para este caso concreto, que ostenta a Xunta de Goberno Local, tendo en conta a necesidade de axilizar a tramitación para o outorgamento de autorizacións para a instalación de postos de venda na zona do Regueiriño durante as festas patronais do Concello de Lalín, que se celebrarán proximamente entre os días 22 e 26 de setembro de 2023.

Segundo.- Iniciar o expediente denominado “**BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA ZONA DO REGUEIRIÑO, DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2023**” (Exp. 2872/2023) mediante réxime de concorrencia competitiva outorgándose as autorizacións por rigoroso orde de solicitude no rexistro de entrada. O prezo establecido nas devanditas Bases é de 74,33 € por posto.

Terceiro.- Aprobar as citadas Bases Técnicas e Administrativas e os seus anexos e incorporar os devanditos documentos ao expediente así como o Proxecto de Feira, redactado polo arquitecto técnico municipal, D. Hervé Fernández Estévez, en data 28 de agosto de 2023.

Cuarto.- Iniciar os trámites para adxudicar os postos de venda nas Festas Patronais do ano 2023 conforme ás características recollidas nas Bases Técnicas e Administrativas e no Proxecto de Feira e, a estes efectos, publicar o correspondente anuncio no Perfil do Contratante e na Páxina web do Concello de Lalín.

Mandouno e asinouno en Lalín D. José Crespo Iglesias.

O Alcalde
José Crespo Iglesias

Diante de mín: O Secretario Xeral Accidental
Salvador González Rodríguez

Documento asinado dixitalmente á marxe

